

IDEAS
PARA UNHA posible HOMILÍA CON
NENOS
22 DECEMBRO 2024

SÚBETE AO AUTOBÚS... BENDICE!

1. Ver: Subimos ao autobús con Sabela

- Estamos en vésperas de Noiteboa, no último domingo de Advento. Seguindo a dinámica do debuxante Fano, no autobús morado que é nosa Igrexa, estamos a facer un percorrido interior como peregrinos da Esperanza para atoparnos con Xesús en Belén. O día 24 comezará o Ano Xubilar para levar a esperanza e o sorriso aos que carecen dela no mundo. Esta semana veremos o **4º personaxe “invitado” especial, Sabela**, que se asoma polo portelo da Palabra de Deus para deixarnos **unha consigna** a realizar.

Que sabes de Zacarías e Sabela?

Que piropos lle bota a María?

2. XULGAR: Sabela bendice e proclama felices os que cren

- **No** evanxeo recordamos o encontro entre María e súa curmá Sabela. Esta alégrase moito do encontro coa súa curmá e proclama e BENDICE: ***“Bendita ti entre as mulleres, e bendito o froito do teu ventre! Quen son eu para que me visite a nai de meu Señor?”... “Benaventurada a que creu, porque o que lle dixo o Señor cumprírase».***

QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?

- Xa estamos cos últimos preparativos de Nadal, os festivais no cole, os nacementos... E xa temos ganas de estar en familia, de facer festa, de celebrar xuntos.
- Este domingo **fixámonos en Sabela**: está casada con Zacarías, ambos son moi anciáns pero sen fillos. Pero María xa sabe por Gabriel que *“concibiu na súa vellez e está de seis meses”*. María vai visitala. Para que? Para axudala nos últimos meses de embarazo e para compartir con ela a alegría e esperanza que Deus nos dá ao nacer Xesús.
- **Que me ensina Sabela?** Ela “salta de alegría” ao descubrir no seo de María o mesmo Deus. **Ensíname dúas cousas**: que debo acoller a Deus e *deixalo entrar na miña vida*, a oración e a eucaristía deben ser encontros alegres con Xesús, non unha obrigaón que me deixa baleiro; que debo vivir *a fe* en palabras e *xestos sinxelos*, para que outros poidan percibir a Xesús en min (sobre todo indo ás carreiras a axudalos en algo), así tamén eles poderán atoparse con Xesús. Sexamos coa nosa vida altofalantes de que Xesús nace hoxe.

Que aprendo de Sabela? Que debo facer?

3. ACTUAR: Ven Xesús!

- Seguindo o debuxo de Fano recortamos a **ventá de Sabela**, coloreámola e colocámola na 4ª ventá do autobús. Pedimos que saltemos de alegría con Xesús e cantamos *“Súbete ao autobús”*.
- Acendemos o **4ª cirio de Advento** coa oración correspondente.

Que imos facer?

LECTURAS

MIQUEAS 5, 1-4a: De ti sairá o xefe de Israel.

*Isto di o Señor: «E ti, **Belén** Efratá, pequena entre os clans de Xudá, de ti vou sacar o que ha de gobernar Israel; as súas orixes son de outrora, de tempos antigos.*

Por iso, entregaraos ata que dea a luz a que debe dar a luz, o resto dos seus irmáns volverá xunto cos fillos de Israel.

Manterase firme, pastoreará coa forza do Señor, co dominio do nome do Señor, o seu Deus; instalaranse, xa que o Señor farase grande ata o confín da terra.

El mesmo será a paz».

Palabra do Señor.

SALMO 79:

R/ Oh Deus, restáuranos, que brille o teu rostro e nos salve.

HEBREOS 10, 5-10: Aquí estou para facer a túa vontade.

LUCAS 1, 39-45:

Quen son eu para que me visite a nai do meu Señor?

Narrador: Naqueles mesmos días, María levantouse e púxose en camiño de présa cara á montaña, a unha cidade de Xudá; entrou na casa de Zacarías e saudou a Sabela.

Aconteceu que, en canto Sabela oíu o saúdo de María, saltou a criatura no seu ventre. Encheuse Sabela do Espírito Santo e, levantando a voz, exclamou:

Isabel: -«Bendita ti entre as mulleres, e bendito o froito do teu ventre!

Quen son eu para que me visite a nai do meu Señor? Pois, en canto o teu saúdo chegou aos meus oídos, **a criatura saltou de alegría no meu ventre.**

Benaventurada a que creu, porque o que lle dixo o Señor cumprírase».

Palabra del Señor.

(Narrador-Sabela).